



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOJ2	<i>Expediente</i> CON/70/2014	<i>Fecha</i> 09-03-15 09:24

Sello o Certificación Mecánica

Número 11 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación definitiva da "Reurbanización do Camiño da Raxeira. PLAN DTC 93 da Deputación Provincial da Coruña" á empresa OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.

Destinatario

15078DCMGZIOJ24



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 11 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA "REURBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA RAXEIRA. PLAN DTC 93 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA" Á EMPRESA OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 26 de xaneiro de 2015, do director técnico de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe nº 2015/96 de data 3.3.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Xeral Municipal, no cal se deixa constancia de que a aplicación orzamentaria correcta é a 050 15320 61900.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: Reurbanización do Camiño da Raxeira. PLAN DTC 93 da Deputación Provincial da Coruña

ASUNTO: Adxudicación do contrato.

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOJ2	<i>Expediente</i> CON/70/2014	<i>Fecha</i> 09-03-15 09:24

Primeiro: Con data 12-01-2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis ventaxosa das presentadas é a do licitador OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 14-01-2015 requírelle para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 22-01-2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requerimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de data 22-01-2015 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas MARCONSA S.L., JOSE CONDE CARAMES e COPCISA S.A. por non aportar o esixible sobre nº 2 no que se inclúen as referencias técnicas da oferta.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL**, por un importe de 122.000,00euros (IVE aparte 21%: 25.620,00euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15500 61900.** "

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOJ2	<i>Expediente</i> CON/70/2014	<i>Fecha</i> 09-03-15 09:24

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas MARCONSA S.L., JOSE CONDE CARAMES e COPCISA S.A. por non aportar o esixible sobre nº 2 no que se inclúen as referencias técnicas da oferta.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL**, por un importe de 122.000,00euros (IVE aparte 21%: 25.620,00euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15320 61900**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

